



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2008.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente :**

DON MARCOS BLANCO JORGE  
(P.S.O.E.).

**Concelleiros/as :**

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ  
(PSOE)

D<sup>a</sup> MARIA BELEN VAZQUEZ  
PADRON (PSOE)

D<sup>a</sup>. MANUELA IGLESIAS

COLLARTE (PSOE)

DON JOSE PRIETO PEREZ (PSOE)

D. JOSE PEREZ IGLESIAS (PP)

D. JUAN CARLOS FERNANDEZ  
FERNANDEZ (PP)

DON LEANDRO CANITROT

TABOADA (PP)

D<sup>a</sup> CRISTINA PEREZ DOPICO (PP)

D<sup>a</sup>. SILVIA TABOADA FRANCISCO  
(PP).

D. EMILIO JOSE CUIÑAS OTERO  
(BNG).

D. ANXO COLLARTE PEREZ  
(BNG)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 19:30 horas do día VINTE E NOVE DE DECEMBRO de 2008 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

**Secretario Xeral:**

Pablo Portela Fernández.

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

\*\*\*\*\*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 28 DE NOVEMBRO PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 28 de novembro de 2008, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 16 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 1 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 8 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 6 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 10 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 11 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 18 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 19 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de novembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 21 de novembro, tres, sobre aboamentos.

Do 24 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de novembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 26 de novembro, catro, dúas sobre aboamentos, unha sobre procedemento de orden de execución e outra sobre procedemento de suspensión de obras ou uso do solo.

Do 27 de novembro, once, catro sobre aboamentos, outra sobre expedición de tarxeta de accesibilidade, outra sobre aprobación do plano de seguridade e saúde, dúas sobre materia de obras e outras da súa competencia, outra sobre substitución do secretario en días de vacacións, outra sobre procedemento de orden de execución e outra sobre procedemento de suspensión de obras ou uso do solo.

Do 28 de novembro, catro, sobre aboamentos.

Do 30 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 1 de decembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 2 de decembro, cinco, tres sobre aboamentos, outra sobre procedemento disciplinario e outra sobre materia de obras e outras da súa competencia.

Do 3 de decembro, sete, catro sobre aboamentos e tres sobre materia de obras e outras da súa competencia.

Do 4 de decembro, catro, dúas sobre aboamentos e dúas sobre materia de obras e outras da súa competencia.

Do 5 de decembro, catro, dúas sobre aboamentos, outra sobre vacacións e outra sobre materia de obras e outras das súas competencias.

Do 9 de decembro, tres, dúas sobre aboamentos, outra sobre vacacións e outra sobre materia de obras e outras da súa competencia.

Do 10 de decembro, tres, unha sobre aboamentos e outra sobre materia de obras e outras da súa competencia, e outra sobre selección de persoal.

Do 12 de decembro, seis, tres sobre aboamentos, dúas sobre vacacións e outra sobre arquivo do expediente.

Do 15 de decembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 16 de decembro, tres, unha sobre aboamentos, unha sobre vacacións e outra sobre selección do persoal.

Do 17 de decembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 18 de decembro, catro, dúas sobre aboamentos, unha sobre ordeación para manter os inmobles en condicións de salubridade e ornato público, e outra sobre incoar expediente para restauración da legalidade urbanística.

Do 19 de decembro, unha, sobre vacacións.

Do 22 de decembro, dúas, unha sobre aboamentos, e outra sobre selección de persoal.

Do 23 de decembro, catro, unha sobre vacacións, unha sobre ordeación para manter os inmobles en condicións de salubridade e ornato público, outra sobre delegación de competencias e outra sobre inscrición no rexistro de parellas de feito.

### **3.- PROPOSTA DE ACORDO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE AXUDA NO FOGAR.**

Dase conta por parte do secretario do dictame da Comisión informativa de benestar social de data 18 de decembro de 2008 que é o seguinte:

“Procédese a votación da urxencia da moción acadando a mesma por unanimidade e procedéndose a votar o fondo do asunto, que se adopta por maioría simple (cos votos favorables do PSOE e abstencións do PP e do BNG), propoñendo ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

- a) Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do prezo publico do servizo de axuda no fogar do Concello de Ribadavia, que deberá estar exposta ao público por un prazo de 30 días para presentación de reclamacións e suxerencias e no caso de que non se presenten reclamacións ou suxerencias entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

Dase a palabra ao concelleiro do BNG o sr. Collarte Pérez que considera que a modificación da ordenanza é necesaria para adaptarse as disposicións que emanan de Vicepresidencia, polo que está de acordo coa súa aprobación.

Toma a palabra o sr. Pérez Iglesias en representación do PP que manifesta a súa abstención.

Por último o sr. Gómez Pérez en representación do PSOE explica que a modificación da ordenanza implica facer extensiva unha adaptación legal preceptiva polo que está a favor da súa aprobación.

**Deliberado sobre o particular o Concello Pleno acorda por maioría absoluta (cos votos favorables do PSOE e do BNG e coa abstención do PP) a aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do prezo publico do servizo de axuda no fogar do Concello de Ribadavia, que deberá estar exposta ao público por un prazo de 30 días para presentación de reclamacións e suxerencias e no caso de que non se presenten reclamacións ou suxerencias entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.**

### **4.- PROPOSTA DE ACORDO DE SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN.**

Dase conta por parte do secretario do dictame da Comisión informativa de benestar social de data 18 de decembro de 2008 que é o seguinte:

**“PRIMEIRO.-** Solicitar a Consellería a a incoación das actuacións tendentes a mutación (desafectación) ou cesión do suxeito titular do referido ben, en relación patio lateral do edificio sito na parte traseira do C.P.I. “Tomás de Lemos” da Alameda do Concello, para adicalo a zona de xogos exterior dos nenos da Galescola, de xeito que o mesmo pase a ser titularidade do Concello de Ribadavia, co obxecto de destinalo a ese fin ou a futura ampliación do edificio da Galescola.

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

Dase a palabra ao concelleiro do BNG o sr. Collarte Pérez que entende que esta desafectación e a disposición do ben por parte do concello sería moi beneficiosa para os nenos.

Intervén o sr. Pérez Iglesias que explica que xa no seu momento el estaba a favor dunha gardería e non dunha galescola aínda que sabe que é necesario delimitar este terreo polo cal está a favor da proposta.

Por último o sr. Gómez Pérez entende que este espazo é necesario que poida ser utilizado polo concello polo cal está a favor da mesma.

**Deliberado sobre o particular o Concello Pleno acorda por unanimidade dos seus membros os seguintes acordos:**

**“PRIMEIRO.-** Solicitar a Consellería a a incoación das actuacións tendentes a mutación (desafectación) ou cesión do suxeito titular do referido ben, en relación patio lateral do edificio sito na parte traseira do C.P.I. “Tomás de Lemos” da Alameda do Concello, para adicalo a zona de xogos exterior dos nenos da Galescola, de xeito que o mesmo pase a ser titularidade do Concello de Ribadavia, co obxecto de destinalo a ese fin ou a futura ampliación do edificio da Galescola.

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

## **5.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

### **MOCIÓN**

A) Por parte do Sr. Alcalde preséntase unha moción co seguinte tenor literal:

“Don Marcos Blanco Jorge, Alcalde do Excmo. Concello de Ribadavia,

VISTO:

O acordo plenario de data 26 de xuño de 2008 relativo o inicio do expediente de desafectación das aulas sitas no Centro escolar da Alamenda do concello adicadas a gardería para que pasasen a ser ben patrimonial do concello.

VISTO:

Que xa se procedeu a publicación no BOP e que se deu conta do acordo a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sen que presentase reclamación algunha.

PROPÓN ao Concello Pleno:

A aprobación definitiva da desafectación das aulas sitas no Centro escolar da Alamenda do concello adicadas a gardería para que pasen a ser ben patrimonial do concello, para o cal de conformidade co artigo 8 do Regulamento de bens das entidades locais e artigo 65 e seguintes da Lei de Patrimonio das administracións públicas, precísase da recepción do ben como patrimonial.”

Procédese a votación da urxencia da moción que se acada por unanimidade de todos os grupos políticos.

O sr. Collarte Pérez en representación do BNG conclúe que é un trámite necesario para que a desafectación definitiva do ben produza os efectos legais pertinentes.

O voceiro do PP o sr. Pérez Iglesias remítese a mesma explicación que cando se aprobou inicialmente a desafectación do ben.

Por último o sr. Gómez Pérez en representación do PSOE apoia a moción.

**Deliberado sobre o particular procédese a votar o fondo do asunto aprobándose por maioría absoluta (votos favorables de PSOE e BNG e abstención do PP) a aprobación definitiva da desafectación das aulas sitas no Centro escolar da Alamenda do concello adicadas a gardería para que pasen a ser ben patrimonial do concello, para o cal de conformidade co artigo 8 do Regulamento de bens das entidades locais e artigo 65 e seguintes da Lei de Patrimonio das administracións públicas, recíbese o ben con carácter de patrimonial.**

B) Por parte do Sr. Alcalde preséntase unha moción co seguinte tenor literal:

“A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte ten previsto executar o proxecto de trazado de mellora dos accesos a Castrelo de Miño, acondicionamento OU-402 Castrelo de Miño e da OU-403 Ponte Castrelo-Val de Pereira.

Para a execución de dito proxecto prevese a utilización da figura da expropiación forzosa, cos conseguintes perxuízos para os veciños da zona de San Paio, deste término municipal.

En concreto no proxecto proponse en entre outras tres zonas obxecto de expropiación:

Zona 1, comprendida polas fincas con referencias catastrais seguintes: 99-25383-37, 99-1-25383-02, 100-23371-19, 100-1-23371-18.

Zona 2, comprendida polas fincas con referencias catastrais seguintes: 96-26372-02 , 94-26372-21.

Zona 3, comprendida polas fincas con referencia catastral, 91-25368 01.

Tendo en conta o informe técnico de data 26.12.08 no que se xustifica tecnicamente a desafectación das referidas zonas de expropiación, o cál adxúntase a presente moción.

Considerando que nos supostos referenciados con anterioridade non está suficientemente acreditado a declaración de utilidade pública e interese social, así como constan alegacións por parte dos veciños afectados por dito procedemento.

En base o informe técnico, xustifícase a necesidade de deixar sen efecto o procedemento expropiatorio, xa que as tres zonas proxectadas, quedan afectadas directamente pola nova planificación urbanística do Concello de Ribadavia (aprobación inicial), en concreto na zona 1, pola apertura dun vial que afecta a zona de posible expropiación; na zona 2, porque o novo P.X.O.M xa delimita as aliñacións, que corresponde coa liña de expropiación que se leve a cabo, polo que se entende que ditas expropiacións non teñen obxecto, xa que ditas terreos pasarán a dominio público e na zona 3 o PXOM cataloga un horreo, como elemento singular de protección polo que sería de inviable execución a reordenación das parcelas colindantes.

Por todo iso, proponse ou Pleno ou seguinte,

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Rexeitar as expropiacións previstas para as zonas delimitadas con anterioridade.

**SEGUNDO.-** Solicitar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, que deixe sen efecto o procedemento expropiatorio para as zonas delimitadas con anterioridade, en base as consideracións plasmadas no informe técnico de data 26.12.08, procedendo a correspondente modificación do proxecto.

**TERCEIRO.-** Dar conta do presente acordo a Delegación Provincial e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte.

Non obstante a Corporación Municipal, co seu superior criterio, adoptará o acordo máis beneficioso para os intereses municipais.”

Procédese a votación da urxencia da moción que se acada por maioría absoluta cos votos favorables do PSOE e BNG e coa abstención do PP.

Intervén o sr. Collarte Pérez en representación do BNG que entende que é a forma máis beneficiosa de intervir nese trazado perxudicando o menos posible os intereses dos veciños e que é perfectamente compatible co Plan xeral de ordenación municipal.

O sr. Pérez Iglesias solicita unha explicación máis detallada para unha mellor comprensión do asunto.

Por último o sr. Gómez Péren en representación do PSOE manifesta que en aras de defender os intereses dos vecinos e vendo o que dí o plan considera a moción como a fórmula máis adecuada para beneficiar aos particulares sen que se contraríe o que dí o PXOM.

O sr. Pérez Iglesias manifesta que a postura do seu partido e contraria a apertura dun vial por esa zona, e que ao descoñecer en profundidade a moción van votar en contra.

**Deliberado sobre o particular procédese a votar o fondo do asunto aprobándose por maioría absoluta (votos favorables de PSOE e BNG e votos negativos do PP) a adopción dos seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Rexeitar as expropiacións previstas para as zonas delimitadas con anterioridade.

**SEGUNDO.-** Solicitar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, que deixe sen efecto o procedemento expropiatorio para as zonas delimitadas con anterioridade, en base as consideracións plasmadas no informe técnico de data 26.12.08, procedendo a correspondente modificación do proxecto.

**TERCEIRO.-** Dar conta do presente acordo a Delegación Provincial e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte.

C) Por parte do Sr. Alcalde preséntase unha moción co seguinte tenor literal:

“Don Marcos Blanco Jorge, Alcalde do Excmo. Concello de Ribadavia,

VISTO:

O Decreto Lei 9/2008 polo que se crea un Fondo estatal de inversión local e un Fondo especial do estado para a dinamización da economía e o emprego e a resolución de 9 de decembro de 2008 para presentación de solicitudes e as condicións para tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo a Fondo estatal de inversión local .

VISTO:

O acordo de Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro de 2008 no que se aprobaron as seguintes memorias:

-Pavimentación rúa Baixada ao Concello e reposición de pavimento na rúa Oliveira, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 49.471,02€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos dun (1) mes e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo-Ribadavia, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 59.985,93€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos de tres (3) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Rehabilitación de edificio no núcleo de Ribadavia para creación dun centro municipal de información xuvenil, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 137.997,23€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos de 6 meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 6 ou 7 empregados.

VISTO:

Que a resolución de 9 de decembro de 2008 xa citada no seu artigo 3.b) establece a necesidade de aprobación polo órgano competente da inversión proxectada e que de acordo co artigo 21.1.o) da Lei 7/85 de Bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda da Lei 30/2007 de Contratos de sector público, se o

proyecto supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, o organo competente é o Pleno.

VISTA:

A presentación dunha memoria coa denominación “Renovación de instalacións, dotación de novos servizos e pavimentación de diversas rúas do núcleo urbano”, valorada cun orzamento de execución por contrata de 570.667,23€ e cunha duración aproximada de realización dos traballos de cinco (5) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 12 empregados.

PROPÓN, ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Ratificar a aprobación das seguintes memorias valoradas aprobadas en Xunta de Goberno de 29 de decembro de 2008, como son:

-Pavimentación rúa Baixada ao Concello e reposición de pavimento na rúa Oliveira, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 49.471,02€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos dun (1) mes e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo-Ribadavia, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 59.985,93€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos de tres (3) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Rehabilitación de edificio no núcleo de Ribadavia para creación dun centro municipal de información xuvenil, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 137.997,23€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos de 6 meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 6 ou 7 empregados.

2.- Aprobación da memoria valorada denominada “Renovación de instalacións, dotación de novos servizos e pavimentación de diversas rúas do núcleo urbano” valorada cun orzamento de execución por contrata de 570.667,23€ e cunha duración aproximada de realización dos traballos de cinco (5) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 12 empregados.”

Procédese a votación da urxencia da moción que se acada por unanimidade de todos os grupos políticos.

Intervén o voceiro do BNG o sr. Collarte Pérez que explica que son obras de competencia municipal incluídas no ámbito do art. 3 do Real decreto 9/2008 destacando que fundamentalmente se trata non só de facer obras favorables para o concello, senón que tamén se persigue o fomento do emprego como medida para paliar a crise polo cal todas as memorias valoradas que se presentan levan incluídas o número de persoas que se van contratar. Destaca que os prazos son moi curtos e por eso a urxencia de presentar esta moción posto que antes do 24 de xaneiro deben estar presentadas as solicitudes e valora favorablemente que aínda que non era necesario traer a Pleno algún dos proxectos non obstante se lle trate de dar publicidade para coñecemento do resto dos grupos políticos. Continúa afirmando que é a súa intención que os 135.000€ asignados e pendentes de aplicación se destinen aos núcleos de poboación que aínda non foron beneficiados.

Intervén o voceiro do PP o sr. Pérez Iglesias que entende que todo o que sexan obras benvidas sexan aínda que non está conforme coa forma na que se levou a cabo a súa tramitación posto que non se consultou nin se lle deu información algunha ao PP.

Intervén o sr. Gómez Pérez en representación do PSOE que explica a falta de publicidade ou comunicación co PP é debida a tramitación urxente que requiren estas subvencións, aínda que considera que actuaron democráticamente ao presentarlle ao Pleno a ratificación desta memoria valorada o cal implica un coñecemento polo resto dos grupos políticos.

Dase a palabra o voceiro do PP o sr. Pérez Iglesias que pide que o goberno recoñeza que existe unha desinformación para a oposición que aínda que vai votar favorablemente non sabe como veñen eses proxectos posto que non houbo tempo para examinalos.

Toma a palabra o sr. Alcalde explicando que non son proxectos senón memoria valorada que nun momento posterior se presentarán os proxectos para seguir o procedemento legalmente establecido e estarán a disposición do público para a súa consulta. Fala da posibilidade de consensuar co PP no ámbito rural a aplicación dos fondos restantes a aprobacións dos proxectos.

### **Deliberado sobre o particular o Concello Pleno procede a votar o fondo da moción acadándose por unanimidade dos seus membros os seguintes acordos:**

1.- Ratificar a aprobación das seguintes memoria valorada aprobadas en Xunta de Goberno de 29 de decembro de 2008, como son:

-Pavimentación rúa Baixada ao Concello e reposición de pavimento na rúa Oliveira, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 49.471,02€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos dun (1) mes e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo-Ribadavia, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 59.985,93€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos de tres (3) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Rehabilitación de edificio no núcleo de Ribadavia para creación dun centro municipal de información xuvenil, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 137.997,23€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos de 6 meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 6 ou 7 empregados.

2.- Aprobación da memoria valorada denominada “Renovación de instalacións, dotación de novos servizos e pavimentación de diversas rúas do núcleo urbano” valorada cun orzamento de execución por contrata de 570.667,23€ e cunha duración aproximada de realización dos traballos de cinco (5) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 12 empregados.

D) Por parte do voceiro do PP o sr. Pérez Iglesias preséntase unha moción relativa a reunión dos distintos grupos políticos cos técnicos encargados da elaboración do PXOM e coa cidadanía para fixar unhas bases xenéricas que perxudiquen o menos posible a poboación do concello.

Procédese a votación da urxencia da moción que se acada por unanimidade dos grupos políticos.

Toma a palabra o sr. Pérez Iglesias explicando que xa no momento da aprobación inicial do PXOM matizou que no momento da aprobación provisional o seu voto sería favorable sempre que se tivesen en conta as alegacións feitas polo PP e considera que actualmente non existen bases mínimas dende as que partir facendo referencia a unha serie de supostos que non lle parece que teñan lóxica ou sentido común, indicando ademáis que cando fala co técnico responsable do plan xeral este contéstalle que “*así o marca a lei*” polo que entende que practicamente non se van admitir alegacións e logo finalmente o problema será que xa non existirá marcha atrás. Afirma que é certo que xa houbo dúas reunións co responsable de explicar o PXOM pero cada día atopa novas incógnitas que non lle parece que coa redacción actual teñan fácil solución.

Toma a palabra o sr. Collarte Pérez que considera que non existe problema algún en reunirse cos vecinos e falar de posibles deficiencias do PXOM pois este non ten porque ser perfecto para todo o mundo, non está de acordo co voceiro do PP en canto a que haxa un gran número de afectados pois considera que a percepción na cidadanía do PXOM é positiva.

Contéstalle o sr. Pérez Iglesias afirmando que o malestar polo PXOM non se trata de un caso particular senón que hai moitos veciños descontentos e por eso sería favorable establecer unhas bases xerais non para o interés particular senón para o interese xeral o cal non implica que o PXOM esté mal na súa totalidade, pero si que hai partes mellorables. Considera oportuno falar cos responsables pois parece que o PXOM non é só para Ribadavia senón que podería valer para calquer pobo, pon algún exemplo de deficiencias como moitos edificios con partes afectadas por fora de ordenación ou construción que acaben quedando por tema das alturas en acordeón.

Toma a palabra o sr. Alcalde que entende que a inexistencia de bases mínimas é unha idea do sr. Pérez Iglesias posto que actualmente se está en período de alegacións e hai aspectos que se están correxindo, ademáis de que o PXOM xa se iniciou fai 6 anos con múltiples reunións e sendo o PXOM actual o resultado do consenso entre os diferentes grupos. Considera que non se debe esquecer a necesidade de prevalencia do interés xeral sobre o particular de xeito que o concello vai apoiar as alegacións que teñan un mínimo fundamento lóxico. Valora positivamente o PXOM actual pola creación de moito solo dotacional e engade que o efecto acordeón ven dado polo outorgamento de outros alcaldes de licenzas contrarias a ordenación urbanística. Entende que debe compaxinarse o interés xeral co particular prevalecendo aspectos como a creación de solo dotacional ou apertura de novas rúas, ademáis de creación de aproximadamente 2000 vivendas que dificilmente se ocuparán nun curto período de tempo, engade que aínda que el non é técnico ten uns mínimos coñecementos de urbanismo invitando ao voceiro do PP a que pense e se informe sobre o que dí, sobre todo en zoas que considera oportuno urbanizar posto que nin o permite a Xunta nin a normativa e así un solo non se pode converter en urbanizable si os servizos non están cerca ou non se poden desenvolver. Continúa decindo que o plan non é pechado polo cal o día de mañán poden existir modificacións ademáis de poder ampliarse o período de alegacións para que opinen os veciños, pero “*non se poden matar moscas a cañonazos*” e aquí son os vecinos os que aproban o PXOM sin ser cuestións de ideoloxías políticas.

Interven o sr. Collarte Pérez que entende que se trata de beneficiar o interese xeral aínda que perxudicando o menos posible o interese particular, sempre respetando o marco legal establecido.

Replica o sr. Pérez Iglesias no senso de que el non fala de partidos políticos, senon dunha área de reparto na que había moitos afectados. Afirma que non se opon o ben comun, pero hai zonas que si poderían ser urbanizadas, posto que os servizos están moi preto. Lembralle ao alcalde que tamen hai edificios que o plan deixa en fora de

ordenación e que obtiveron a preceptiva licencia urbanística, e que o marco legal non debe esquecer a posibilidade de interpretar a lei flexiblemente, sobre todo cando dependendo do concello hai unha maior permisibilidade na xunta.

Interven novamente o sr. alcalde explicando que o plan xa pasou un filtro inicial, reducíndose drásticamente o número de vivendeas permitidas ao ser de carácter rural o noso concello.

### **ROGOS:**

Fanse os seguintes polo voceiro do Partido Popular:

A) Que no campo da feira se respeten as casas como están e o sobrante se destine a dotacións para o concello de acordo cos vecinos.

B) Que na zona do Ferriro a rúa Avia quede como esta e asimesmo tamen a zona que da ao río, deixando un marxe para o disfrute dos vecinos.

C) Que o campo da feira poda desplazarse a zonas como Muñoz Calero ou cara San Paio, se o PXOM o permite.

### **PREGUNTAS:**

1) Cando vai dispoñer o Partido Popular de oficina propia?

O sr. alcalde contestalle que actualmente a única oficina que quedaba esta ocupada polo novo secretario, pero que non hai problema en compartila co resto dos concelleiros. Informa que esta previsto que os servizos urbanísticos vaian para a casa da Nona, momento no que se lles habilitara un local. O sr. Collarte Pérez afirma que existe a posibilidade de cambio de oficinas do BNG, de xeito que o Partido Popular podería ocupar as utilizadas actualmente polo BNG.

2) Cando van a empezar a funcionar os pivotes?

O sr. alcalde contestalle que funcionan, aínda que a súa posta en marcha esta suspendida ata que rematen as obras no casco vello.

3) Cando se vai reparar a estrada que vai de Eduardo Chao ao pabellón?

O sr. alcalde contestalle que a idea e incluíla nos plans provinciais.

4) Se enviou a moción relativa o Parque Medioambiental do Parque de Carballeda de Avia o Organismo Competente?

O sr. Alcalde contestalle que si foi enviada pero que todavía non se recibiu contestación algunha sobre a mesma.

Concluído o anterior, ás dez menos vinte da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

